



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2011

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as vinte horas do día trinta de setembro do ano dous mil once, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D<sup>a</sup>. Carmen M<sup>a</sup> Castro González.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D<sup>a</sup>. Hortensia M<sup>a</sup> Vicente Santiago
- D<sup>a</sup>. Rosa M<sup>a</sup> Pazos Lomba
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D<sup>a</sup>. Hortensia García Díaz
- D<sup>a</sup>. Beatriz Estévez Álvarez

Non asiste:

- D. José Vicente Ferreira

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

#### **PUNTO 1º.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES (ORD. 29/07/2011 E EXTRAORD. 16/09/2011).**

Antes de pasar a aprobar as actas, o señor Alcalde anuncia que se van presentar dous asuntos por vía de urxencia, antes de pasar a tratar as mocións.

En relación coas actas, a señora Estévez Álvarez di que na acta de 29/07/2011, no punto 6 hai un erro no cómputo das abstencións, que son catr e non tres.

O señor Lomba Alonso di que aprobarán as actas.

A señora Iglesias Ferreira di que aprobarán as actas.

Sometida a votación a **acta de 29/07/2011**, coa corrección sinalada, foi aprobada co seguinte resultado:



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sra. Vicente Santiago (unha abstención).

Sometida a votación a **acta de 16/09/2011**, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

### **PUNTO 2º.- DAR CONTA DECRETOS E ORDES DE PAGO.**

A señora Estévez Álvarez se da por enteirada.

O señor Lomba Alonso di que se dan por enteirados.

A señora Iglesias Ferreira di que se dan por enteirados.

### **PUNTO 3º.- PROPOSTA ALCALDÍA DE RECTIFICACIÓNS PUNTUAIS DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS.**

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

*“PROPOSTA DA ALCALDÍA.*

*Tendo en conta a necesidade de acreditar a titularidade de certos bens municipais que non figuraban no Inventario Municipal do Concello da Guarda, ós efectos de obter subvencións ou tramitar procedementos de cesión, ou posta a disposición dos mesmos, outorgando a lexislación aplicable a posibilidade de levar a cabo rectificacións puntuais do Inventario, mediante acordo plenario. Considerando que se encargou á empresa PROCAT, Ingeniería y Medio Ambiente a realización da inspección de fincas urbanas e rústicas do Concello da Guarda, dadas as dificultades económicas que ten o Concello para facer fronte á contratación da realización do Inventario, e tendo en conta as fichas elaboradas pola empresa.*

*Proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:*

*Rectificación puntual do Inventario de Bens Municipal do Concello da Guarda, para a inclusión no mesmo dos seguintes bens, de acordo coas fichas elaboradas e que se axuntan como anexo ó presente acordo:*

- *Xardíns de Feliciano Rolán.*
- *Centro de Saúde.*
- *Piscina Municipal.*
- *Castelo de Santa Cruz.*
- *Novo Concello.*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- Casa Cultural rúa Méndez Núñez nº3
- Centro Social A Portela

A Guarda , 21 de setembro de 2011  
O Alcalde,  
Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”

O señor Alcalde explica que o Presidente da Comisión de Asuntos Plenarios xa explicou as razóns deste acordo:se está tratando de facer a cesión do centro de saúde á Xunta de Galicia, e foi necesario iniciar un proceso de reagrupación das fincas matrices, tramites rexistras e notarias; en relación cos outros bens, a solicitude de subvencións esixe acreditar a titularidade dos mesmos.

A señora Estévez Álvarez desexa saber cál foi o procedemento de contratación da empresa PROCAT e o prezo do proxecto, así como cándo se fixo, pois aparecen fichas con data de 2011. Solcita unha copia dixital do Inventario.

Intervén a secretaria e di que o traballo se encargou a través dun contrato menor, cun custe duns 9800 euros, e di que na documentación presentada existe un disco que contén o traballo.

O señor Lomba Alonso di que, fora de consideracións técnicas, van apoiar a proposta, xa na anterior lexislatura reclamaron a situación anómala do centro de saúde, e di que no futuro haberá que seguir cumprimentando o Inventario. Advirte que vixiarán que se transfira o centro de saúde, que é unha carga que o Concello non ten que soportar.

A señora Iglesias Ferreira di que, como explica o informe xurídico, o Inventario actula está obsoleto, e dado que a súa recitificación ten que partir dunha proposta da Alcaldía e elevarse a Pleno, apoiarán a proposta,aínda que o Partido Popular votou en contra da adquisición da casa cultural, pois descoñecían tal finalidade, pensan que é un traballo que debe facerse. Piden tamén unha copia dixital.

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira,Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

### **PUNTO 4º.- EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 16/2011.**

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

*“MEMORIA DE ALCALDÍA.*

*En aplicación do Real Decreto-lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, no Concello de A Guarda, e en virtude do artigo 14 do RD-I que establece que “Se declaran recursos afectados los derivados de la aplicación de las medidas de redución de costes de personal en los ejercicios 2010 y 2011,*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

que se destinarán, con el orden de preferencia en el que están relacionados, a las siguientes finalidades:

a) A sanear el remanente de tesorería derivado de la última liquidación, cuando éste fuera negativo.

b) A disminuir el nivel de endeudamiento a largo plazo.

c) A la financiación de inversiones.

d) Cuando no resulten de aplicación los apartados a) o b), los recursos no aplicados en el propio ejercicio a la financiación de inversiones, se destinarán en sucesivos ejercicios a las finalidades establecidas en los apartados a), b) y c), con el mismo orden de prelación, hasta su aplicación total.

No Concello de A Guarda, e vista a situación actual do mesmo, resultando a liquidación do exercicio 2010 positiva, implica destinar os recursos obtidos a diminuir o nivel de endebedamento.

Para dita amortización e necesario realizar unha transferencia de crédito, dende as partidas de persoal nas que se logran as reducións de gastos as partidas de amortización de créditos a longo prazo, co correspondente expediente de modificación orzamentaria.

De acordo co antedito, propónse a seguinte transferencia de crédito entre partidas orzamentarias do orzamento de gastos do exercicio 2011 co detalle que de seguido se relaciona:

### SUPLEMENTOS

PARTIDA ORZAMENTARIA	CONSIGNACIÓN ANTES DESTE EXPEDIENTE	AUMENTO QUE SE PROPÓN	TOTAL CONSIGNADO RESULTANTE
011.913.00	254.064.84	91.968.04	346.032.88
	<b>TOTAL SUPLEMENTO</b>	<b>91.968.04</b>	<b>346.032.88</b>

### BAIXAS

Partidas	Concepto salarial de funcionarios	Consignación antes de este expediente	Baixa que se propón	Consignación resultante
13.212.000	Retribuciones básicas personal seguridad Grupo C1	123.402,08	5.002,66	118.399,42
13.212.006	Trienios personal seguridad	12.264,24	388,20	11.876,04
13.212.100	Complemento destino personal seguridad	55.540,80	2.776,80	52.764,00
13.212.101	Complemento específico personal seguridad	55.627,19	2.781,36	52.845,83
13.215.000	Incentivo de productividad personal funcionario de seguridad	4.000,00	522,62	3.477,38
13.215.100	Gratificaciones personal funcionario de	15.320,00	2.001,63	13.318,37



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

	seguridad				
15.112.003	Retribuciones básicas personal urbanismo Grupo C1	13.528,06	579,85	12.948,21	
15.112.004	Retribuciones básicas personal urbanismo Grupo C2	31.373,63	377,21	30.996,42	
15.112.005	Retribuciones básicas personal funcionario de urbanismo Grupo AP	19.009,85	85,99	18.923,86	
15.112.006	Trienios personal funcionario de urbanismo	6.405,72	27,84	6.377,88	
15.112.100	Complemento destino personal funcionario urbanismo	28.254,60	1.177,32	27.077,28	
15.112.101	Complemento específico personal funcionario urbanismo	43.561,33	1.889,94	41.671,39	
15.115.000	Incentivo de productividad personal funcionario de urbanismo	6.000,00	783,93	5.216,07	
15.115.100	Gratificaciones personal funcionario de urbanismo	4.286,00	559,99	3.726,01	
16.112.004	Retribuciones básicas personal funcionario aguas Grupo C2	24.020,93	359,42	23.661,51	
16.112.006	Trienios personal funcionario servicio de aguas grupo C2	1.508,40	0,48	1.507,92	
16.112.100	Complemento destino personal funcionario de aguas Grupo C2	9.406,08	470,16	8.935,92	
16.112.101	Complemento específico personal funcionario de aguas Grupo C2	13.079,25	653,97	12.425,28	
16.115.000	Incentivo de productividad personal funcionario de aguas	1.500,00	195,98	1.304,02	
16.115.100	Gratificaciones personal funcionario de aguas	1.825,00	238,45	1.586,55	
16.312.005	Retribuciones básicas personal funcionario limpieza viaria Grupo AP	19.279,25	85,99	19.193,26	
16.312.006	Trienios personal funcionario limpieza viaria Grupo AP	2.747,88	0,00	2.747,88	
16.312.100	Complemento de destino personal funcionario limpieza viaria	7.705,44	385,20	7.320,24	
16.312.101	Complemento específico personal funcionario limpieza viaria	13.079,24	130,76	12.948,48	
16.315.000	Complemento productividad personal funcionario limpieza viaria	2.300,00	300,50	1.999,50	
16.315.100	Gratificaciones funcionarios personal limpieza viaria	1.000,00	130,66	869,34	
33.412.004	Retribuciones básicas personal funcionario cultura Grupo C1	13.364,91	874,31	12.490,60	
33.412.006	Trienios personal funcionario de cultura Grupo C1	2.896,56	55,08	2.841,48	
33.412.100	Complemento destino personal funcionario cultura Grupo C1	5.554,08	277,68	5.276,40	
33.412.101	Complemento específico personal funcionario cultura Grupo C1	10.023,19	2.119,87	7.903,32	
33.415.000	Incentivo productividad personal funcionario de cultura	500,00	65,33	434,67	
33.415.100	Gratificaciones personal funcionario de	250,00	32,66	217,34	



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

	cultura			
92.012.000	Retribuciones básicas p. funcionario administración general Grupo A1	22.118,23	1.938,27	20.179,96
92.012.003	Retribuciones básicas p. funcionario administración general Grupo C1	14.453,93	663,75	13.790,18
92.012.004	Retribuciones básicas p. funcionario administración general Grupo C2	20.520,92	235,70	20.285,22
92.012.006	Trienios personal funcionario administración general	6.215,04	101,04	6.114,00
92.012.100	Complemento de destino personal funcionario administración general	28.082,88	1.403,88	26.679,00
92.012.101	Complemento específico personal funcionario administración general	48.069,76	2.406,40	45.663,36
92.015.000	Incentivo de productividad personal funcionario administración general	4.000,00	522,62	3.477,38
92.015.100	Gratificaciones personal funcionario administración general	500,00	65,32	434,68
93.112.000	Retribuciones básicas p. funcionario administración financiera Grupo A1	43.121,70	3.756,42	39.365,28
93.112.001	Retribuciones básicas p. funcionario administración financiera Grupo A2	16.860,85	1.044,81	15.816,04
93.112.003	Retribuciones básicas p. funcionario administración financiera Grupo C1	27.430,58	1.186,10	26.244,48
93.112.004	Retribuciones básicas p. funcionario administración financiera Grupo C2	10.171,18	117,22	10.053,96
93.112.006	Trienios personal funcionario administración financiera	6.984,24	111,96	6.872,28
93.112.100	Complemento de destino personal funcionario administración financiera	47.610,72	2.380,20	45.230,52
93.112.101	Complemento específico personal funcionario administración financiera	79.128,62	3.958,70	75.169,92
93.115.000	Incentivo de productividad personal funcionario administración financiera	7.500,00	979,91	6.520,09
93.115.100	Gratificaciones personal funcionario de administración financiera	4.500,00	587,95	3.912,05
	<b>TOTAL IMPORTE A DEDUCIR FUNCIONARIOS</b>	<b>935.882,36</b>	<b>46.792,09</b>	<b>889.090,27</b>

Partida	Concepto salarios de personal laboral	Consig. antes expediente	Baixa que se propón	Consignación resultante
13.213.100	Retribuciones personal laboral temporal seguridad	4.500,00	225,00	4.275,00
15.113.000	Retribuciones básicas personal laboral fijo urbanismo	38.489,78	1.924,48	36.565,30
15.113.002	Otras remuneraciones personal laboral fijo urbanismo	34.900,43	1.745,02	33.155,41
15.115.001	Incentivo de productividad personal laboral fijo urbanismo	4.000,00	2.489,31	1.510,690
15.115.100	Gratificaciones personal de urbanismo	1.714,00	1.066,67	647,331



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

16.313.000	Retribuciones básicas personal laboral fijo limpieza viaria	67.983,26	3.399,16	64.584,10
16.313.002	Otras remuneraciones personal laboral fijo limpieza viaria	61.070,03	1.308,63	59.761,40
16.313.100	Retribuciones personal laboral temporal limpieza viaria	48.280,56	0,00	48.280,56
16.315.001	Complemento productividad personal laboral fijo limpieza viaria	300	186,70	113,302
16.315.002	Complemento productividad personal laboral temporal limpieza viaria	2.700,00	1.680,29	1019,715
16.315.101	Gratificaciones persoal laboral fijo limpieza viaria	1.500,00	933,49	566,508
16.315.102	Gratificaciones persoal laboral temporal limpieza viaria	2.000,00	1.244,66	755,345
23.113.000	Retribuciones básicas personal laboral fijo de acción social	14.996,20	749,81	14.246,39
23.113.002	Otras remuneraciones personal laboral fijo de acción social	12.720,49	636,03	12.084,46
23.113.100	Retribuciones personal laboral temporal de asistencia social	182.549,14	3.650,60	178.898,54
23.115.001	Incentivo de productividad laboral fijo y temporal asistencia social	4.000,00	2.489,31	1510,690
23.115.100	Gratificaciones laboral fijo y temporal asistencia social	500	311,16	188,836
24.113.100	Retribuciones técnico local de empleo	29.376,84	1.468,77	27.908,07
24.113.101	Retribuciones personal laboral temporal grumir	42.184,11	1.767,57	40.416,54
24.115.000	Incentivo de productividad técnico local de empleo	750,00	466,75	283,254
24.115.001	Incentivo de productividad personal grumir	2.250,00	1.400,24	849,763
32.013.000	Retribuciones básicas personal laboral fijo de enseñanza	100.712,81	5.035,65	95.677,16
32.013.002	Otras remuneraciones personal laboral fijo de enseñanza	82.667,35	4.133,34	78.534,01
32.013.100	Retribuciones p. laboral temporal enseñanza(profesor conservatorio)	10.451,32	522,57	9.928,75
32.013.101	Retribuciones p. laboral temporal enseñanza(mantenimiento escuelas)	14.644,56	732,23	13.912,33
32.015.001	Incentivo de productividad personal laboral fijo de enseñanza	3.000,00	1.866,98	1.133,017
33.413.000	Retribuciones básicas personal laboral fijo promoción cultura	9.900,95	495,05	9.405,90
33.413.002	Otras remuneraciones personal laboral fijo promoción cultura	7.542,60	377,13	7.165,47
33.415.001	Incentivo productividad personal laboral fijo de cultura	500	311,16	188,836
33.415.100	Gratificaciones personal laboral fijo de cultura	250	155,58	94,418
34.213.100	Retribuciones personal laboral temporal de deportes	10.847,49	-0,03	10.847,52
43.113.100	Retribuciones personal laboral temporal	16.286,47	814,06	15.472,41



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

	comercio interior			
43.115.000	Incentivo de produtividade personal laboral temporal comercio interior	300	186,70	113,301
43.115.100	Gratificacións personal laboral temporal comercio interior	100	62,23	37,767
43.213.100	Retribucións personal laboral temporal de turismo	14.967,68	748,38	14.219,30
43.215.000	Incentivo de produtividade personal de turismo	300	186,70	113,301
92.013.100	Retribucións personal laboral temporal administración xeral	35.920,50	0,06	35.920,44
92.015.001	Incentivo de produtividade p. laboral temporal administración xeral	300	186,70	113,301
92.015.101	Gratificacións personal laboral temporal administración xeral	350	217,82	132,185
93.113.100	Retribucións personal laboral temporal administración financeira	37.715,10	0,00	37.715,10
	<b>TOTAL IMPORTE A DEDUCIR PERSONAL LABORAL</b>	<b>903.521,67</b>	<b>45.175,95</b>	<b>858.345,72</b>

TOTAL REDUCCIÓN 5% MASA SALARIAL FUNCIONARIOS Y LABORALES	<b>91.968,04</b>
---	------------------

TOTAL BAJAS..... 91.968.04 €

*En A Guarda, a 26 de AGOSTO de 2011  
O Alcalde  
Asdo: José Manuel Domínguez Freitas”*

O señor Alcalde explica que se trata do plan de rebaixa do 5% da masa salarial do persoal funcionario e laboral, co fin de disminuír o nivel de endebedamento do Concello a longo prazo, o que supón unha contía de 91.968,04 euros.

A señora Estévez Álvarez di que se dan por enteirados, non teñen nada que dicir.

Intervén o señor Lomba Alonso e di que esta modificación é consecuencia do Real Decreto de medidas extraordinarias respecto do que o BNG votou en contra no Parlamento español, polo que se van abster, non queren entrar neste xogo, non están de acordo, por ser unha medida antisocial, e o tempo demostrou que non serve de nada.

A señora Iglesias Ferreira di que, seguindo o criterio de Intervención, a prioridade é disminuír o nivel de endebedamento do Concello a longo prazo, e se van abster.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, e Castro González (oito votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (oito abstencións).

### **PUNTO 5º.- ACTUALIZACIÓN ORDENANZAS FISCAIS I.P.C. PARA AÑO 2012.**

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

#### **“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS (ACTUALIZACIÓN TARIFAS I. P.C.)**

*De cara a unha adecuación das taxas do Concello da Guarda ó custo efectivo de prestación de servizos, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*

#### **PRIMEIRO:**

*Aprobación provisoria da modificación de diversas Ordenanzas municipais reguladoras das taxas que se relacionan, mediante a actualización das mesmas na contía do I.P.C. (3,8 %)*

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.**

#### **ANEXOS**

*Por cada dictame do técnico municipal sobre recoñecemento de predio a petición de particular..... 39,72 €.*

*Por cada informe sobre liña ou rasante solicitado con carácter previo e obrigatorio á obtención de licenzas de obra..... 79,57 €.*

*Por cada licenzas de traspaso de establecemento ou industria, de pais a fillos ou entre cónxuxes..... 119,31 €.*

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de de 2011, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.*

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA MUNICIPAL POR RECOLLIDA E INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA.**

#### **Artigo 5. Cota tributaria.**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*A cota tributaria determínase por unha cantidade fixa, de acordo coa seguinte tarifa:*

**EPÍGRAFE UN:** Inmobilización.

*Por inmobilización..... 15,96 €.*

**EPÍGRAFE DOUS:** Vehículos abandonados.

*Por vehículos retirados do seu emprazamento pola grúa:*

*Enganche..... 23,84 €.*

*Retirada..... 39,95 €.*

**EPÍGRAFE TRES:** Vehículos mal estacionados.

*Sen abandono do seu propietario retirados pola grúa (Municipal ou contratada):*

*Enganche..... 23,84 €.*

*Retirada..... 39,95 €.*

*Máis o 50% de recargo sobre os 39,95 € se a intervención se realiza dende as 19:00 h. do sábado ás 08:00 h. do luns, así como dende as 19:00 h. das vésperas de festivos ata as 08:00 h. do día seguinte. Aumentará nun 50% da base de 39,95 € tódolos servizos que se realicen dende as 20:00 h. ás 08:00 h. da mañá.*

**EPÍGRAFE CATRO:** Depósito.

*Por cada día ou fracción..... 19,88 €.*

**EPÍGRAFE CINCO:** Outros cargos.

*Así mesmo, no cómputo da contía xeral para efectua-la retirada do vehículo, deberán aboar a sanción que corresponda, segundo o cadro de Multas da Ordenanza Municipal de Circulación.*

DISPOSICIÓN FINAL

*A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de de 2011, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.*

**TAXA POR INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA.**

**Artigo 8. Cota tributaria.**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

1.- A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no presente artigo.

2.- As tarifas serán as seguintes:

Quioscos dedicados á venda de prensa, libros, tabaco, loterías, lamberetadas, etc. ó ano..... 638,73 €.

Quioscos dedicados á venda de xeados e demais artigos propios de temporada ó ano..... 319,35 €.

Outros quioscos non especificados ó ano..... 638,73 €.

3.- Os titulares dos quioscos que acrediten unha minusvalía do 33% ou superior e os dos postos de venda da ONCE e similares pagarán o 25% das tarifas sinaladas no apartado anterior, sempre que atendan as mesmas persoas, cun grado de minusvalía igual ou superior ó sinalado.

4.- No suposto de que se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa determinarase polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación, que en ningún caso poderá ser menor da cantidade resultante da aplicación dos apartados anteriores.

5.- A taxa regulada nesta ordenanza é independente e compatible coa taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de de 2011, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

### **TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS OU CARRUAXES A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.**

#### **Artigo 6. Cota tributaria.**

1.- A contía da taxa determinarase con arranxo ó seguinte cadro de tarifas:

#### **Tarifa primeira**

Entrada de vehículos en locais, con reserva de vía pública mediante a prohibición de estacionamento, de cara á entrada de vehículos ó interior dos mesmos, ó ano:

En vivendas unifamiliares..... 47,73 €.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

<i>En garaxes colectivos ata 10 prazas.....</i>	<i>159,07 €.</i>
<i>En garaxes colectivos de máis de 10 prazas.....</i>	<i>15,90 €/praza.</i>

### **Tarifa segunda**

*Reserva de espazos ou prohibición de estacionamento na vía pública:*

*Por cada metro lineal ou fracción, ó ano.....* 19,41 €.

*Por cada parada de autoturismo na vía pública por praza, unha cota anual de.....* 39,76 €.

*Cando para a autorización da utilización privativa se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa determinarase polo valor da proposición sobre a que recaía a concesión, autorización ou adxudicación.*

### **Tarifa terceira**

*Por venda de placa de reserva de aparcamento.....* 29,02 €.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de de 2011, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.*

### **TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO.**

#### **TARIFAS**

<i>Vivendas de carácter familiar, incluso as de carácter estival.....</i>	<i>61,96 €.</i>
<i>Banca e Caixas de Aforro.....</i>	<i>867,33 €.</i>
<i>Locais comerciais e centros recreativos.....</i>	<i>123,90 €.</i>
<i>No caso de locais comerciais, profesionais ou de outros usos que se atopen pechados ou sen utilización, aplicarase unha tarifa reducida de.....</i> 46,28 €.	
<i>Bares e cafeterías.....</i>	<i>211,89 €.</i>
<i>Hoteis-residenciais, hoteis, hostais, fondas e pensións.....</i>	<i>371,71 €.</i>
<i>Comestibles (epígrafes 647.1 e 647.2).....</i>	<i>223,04 €.</i>
<i>Almacéns e industrias.....</i>	<i>371,71 €.</i>



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

<i>Restaurantes zona A (Porto e Paseo Marítimo).....</i>	<i>619,52 €.</i>
<i>Restaurantes zona B.....</i>	<i>371,71 €.</i>
<i>Supermercados (epígrafes 647.3 e 647.4).....</i>	<i>2.106,38 €.</i>
<i>Salas de festas, discotecas e bares especiais.....</i>	<i>619,52 €.</i>
<i>Estacións de servizo.....</i>	<i>270,00 €.</i>
<i>Talleres de reparación de automóbiles.....</i>	<i>154,30 €.</i>
<i>Talleres de reparación de automóbiles, concesionario oficial.....</i>	<i>424,33 €.</i>
<i>Hoteis e restaurantes con salón de vodas e cámpings.....</i>	<i>1.362,96</i>
<i>Oficinas, despachos profesionais e pequeno comercio que polas súas características implique unha escasa utilización do servizo.....</i>	<i>61,96 €.</i>
<i>Xeriátricos.....</i>	<i>619,52 €.</i>
<i>Tanatorios.....</i>	<i>222,60 €.</i>

### DISPOSICIÓN FINAL

*A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de de 2011, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.*

### **TAXA POR SUMIDOIRO.**

#### TARIFAS

<i>Vivendas.....</i>	<i>30,98 €.</i>
<i>Bares, cafeterías, hoteis e similares.....</i>	<i>49,57 €.</i>
<i>Demais establecementos.....</i>	<i>9,91 €.</i>
<i>Dereitos de acometida.....</i>	<i>92,93 €.</i>

### DISPOSICIÓN FINAL

*A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de de 2011, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa..

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DE LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDAS.**

#### **Artigo 5.- Base imponible e tipo de gravame.**

A base imponible será a de 372,34 €/m<sup>2</sup> de construción.

Os tipos de gravame serán os seguintes:

Ata 150 m <sup>2</sup> habitables.....	0,10%.
Dende 150 m <sup>2</sup> ata 200 m <sup>2</sup> habitables.....	0,20%.
Máis de 200 m <sup>2</sup> habitables.....	0,30%.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de de 2011, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa..

### **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLÚIDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS.**

#### **ANEXO:**

#### **PREZOS DA AUGA**

##### **a) Usos domésticos:**

- Prezo do m <sup>3</sup> : - Subministro.....	0,36 €
- Depuración.....	0,36 €
Total.....	0,72 €
- Consumo mínimo a liquidar trimestralmente:	
- Consumo de 0 a 15 m <sup>3</sup> .....	15 m <sup>3</sup>
- Consumo de 16 a 30 m <sup>3</sup> .....	30 m <sup>3</sup>
- Por cada m <sup>3</sup> consumido en exceso sobre o mínimo (subministro e depuración):	
- Consumo de 31 a 40 m <sup>3</sup> :	
- De 0 a 30 m <sup>3</sup> .....	0,72 €
- De 31 a 40 m <sup>3</sup> .....	0,93 €
- Consumo de 41 a 50 m <sup>3</sup> :	
- De 0 a 30 m <sup>3</sup> .....	0,72 €
- De 31 a 50 m <sup>3</sup> .....	1,09 €
- Consumo de 51 m <sup>3</sup> en adiante:	
- De 0 a 30 m <sup>3</sup> .....	0,72 €



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- De 31 m<sup>3</sup> en diante.....1,34 €

### **b) Usos industriais, comerciais, incluso obras:**

- Prezo do m<sup>3</sup>: - Subministro.....0,54 €

- Depuración.....0,36 €

Total.....0,90 €

- Consumo mínimo a liquidar trimestralmente:

- Consumo real de 0 a 20 m<sup>3</sup>.....20 m<sup>3</sup>

- Consumo real de 21 a 40 m<sup>3</sup>.....40 m<sup>3</sup>

- Por cada m<sup>3</sup> consumido en exceso sobre o mínimo de 40 m<sup>3</sup> (subministro e depuración):.....1,16 €.

b) Dereitos de acometida:

- Por contador..... 89,63 €.

c) Por gastos de inspección e revisión de contadores:

- Taxa fixa trimestral..... 0,89 €.

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o de de 2011, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa..

### **SEGUNDO:**

Publicar o anuncio de exposición ó público durante quince días hábiles, dos acordos no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nun dos xornais de maior difusión provincial, así como no taboleiro de anuncios do Concello ó obxecto de que os interesados e as interesadas poidan examina-lo expediente administrativo e presentar por escrito as reclamacións que consideren oportunas.

### **TERCEIRO:**

Entender definitivamente aprobada a ordenanza fiscal reguladora do tributo no suposto de que non foran presentadas reclamacións por escrito (no período de exposición ó público antes citado) sen necesidade de adoptar novo acordo plenario naquel sentido, ou no seu caso, adopta-lo acordo de aprobación definitiva do tributo con resolución expresa das reclamacións presentadas.

### **CUARTO:**

Publicar, rematado o prazo de exposición ó público, e no caso de que non houbera reclamacións, os textos íntegros das modificacións das ordenanzas fiscais no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra”.

A Guarda, 29 de agosto de 2011  
O Alcalde,



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”*

O señor Alcalde explica que se trata de incrementar no IPC as Ordenanzas fiscais citadas na proposta.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor, se ben haberá que revisar as Ordenanzas e poñelas ó día, e ver os servicios que se dan e non xeneran ingresos.

O señor Lomba Alonso di que van apoiar a proposta. Insisten no marxe de manobra que existe, en materia de distribución de auga, nos diferentes tramos, para fomentar o aforro de auga e crear novos tramos menores, posto que hai moitas persoas que viven soas, e as familias son menos numerosas. Di que debería crearse un novo tramo que potencie o aforro de auga.

A señora Iglesias Ferreira di que non estamos en tempos de subir taxas, pois as dificultades económicas non só afectan ás Administracións, senón tamén ós cidadáns, e non están en contra, pois hai que manter os servicios, polo que se absterán.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (once votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, e Pazos Lomba (cinco abstencións).

### **PUNTO 6º.- CAMBIO FINALIDADE ANEXO INVERSIÓNS ANO 2011.**

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

*“PROPUESTA DE ALCALDÍA.*

*Visto o decreto de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2010 para o exercicio 2011, por decreto de alcaldía 0495/2011 de data 27 de Xullo de 2011.*

*Visto que se incorporan proxectos financiados con recursos afectados.*

*Visto que esta corporación non ten proxectado destinar os fondos ás finalidades inicialmente aprobadas nos respectivos anexos de inversión, e en base a concesión por parte do Ministerio de Fomento da financiación de parte do proxecto “ Puesta en valor del Castillo de Santa Cruz en A Guarda”*

*Esta Alcaldía propón ao Pleno da corporación que se autorice o cambio de finalidade dos proxectos, con financiación afectada, que a continuación se detallan , para destinalos a financiar a aportación municipal do proxecto “ Puesta en valor del Castillo de Santa Cruz en A Guarda”, a través do correspondente expediente de modificación de créditos.*





# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

<b>1</b>	Partida da que procede:	10.342.609.00	
	Partida á que se incorpora:	11.342.609.00	
	Partida á que se transfire co cambio de finalidade	11.334.609.00	
	Mellora entorno praias.....		20.000,00 €
<b><u>FINANCIAMENTO</u></b>			
	Concepto de que procede:	10.913.01	
	Concepto á que se incorpora:	11.913.00	
	(Préstamo BBVA (BCL) Investimentos		
	2009.....		20.000,00

<b>2</b>	Partida da que procede:	10.334.625.01	
	Partida á que se incorpora:	11.334.625.00	
	Partida á que se transfire co cambio de finalidade	11.334.609.00	
	Inversións en Centro Cultural		30.000,00€
<b><u>FINANCIAMENTO</u></b>			
	Concepto de que procede:	10.913.01	
	Concepto á que se incorpora:	11.913.00	
	BBVA (BCL), Préstamo Investimentos		
	2010.....		30.000,00€

*Na Guarda, 7 de setembro de 2011*  
*O Alcalde,*  
*Fdo.; José Manuel Domínguez Freitas"*

A señora Estévez Álvarez di que se dan por enteirados, se vai abster, pois é cambiar un diñeiro para unha cousa para outra diferente.

A señora García Díaz di que se trata dun paso máis para realizar esta obra do Castelo de Santa Cruz, e insiste en que se trate de lograr unha maior participación na mesma da Xunta de Galicia. Votarán a favor.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que xa se aprobou por unanimidade o proxecto, que é moi importante para a Guarda, polo que apoiarán a proposta.

O señor Alcalde diríxese á señora García Díaz e di que se fará toda a forza posible coa Xunta, pero non poden saber a aportación ata a aprobación do orzamento de 2012. Di que a aportación desta anualidade debe asumir a o Concello, e en xaneiro se lles reclamará, pois existe un compromiso inicial da metade do 25% municipal, pero se temen que finalmente sexa dun 12,5%).

Sometida a votación a proposta, foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, e García Díaz (quinze votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sra. Estévez Álvarez ( unha abstención)

### **PUNTO 7º.- CONTA XERAL ANO 2010.**

O señor Alcalde explica que, por un erro, este punto foi incluído no orde do día, cando a Conta Xeral ten que ser sometida a información pública, despois de pasar por Comisión de Contas, e se traerá cando remate a exposición pública. O punto queda retirado do orde do día.

### **PUNTO 8º.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL Nº 2/2011.**

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

#### *“PROPOSTA DA ALCALDÍA.*

*É obxecto da presente proposta o recoñecemento de cantidades adebedadas por este Concello polas facturas incluídas na relación de recoñecemento extraxudicial 2/2011, mediante o expediente de recoñecemento extraxudicial 2/2011 (relación que se adxunta).*

*Tendo en conta que se trata duns servizos efectivamente realizados para o Concello de A Guarda, decántome por non perxudicar a unhas empresas que realmente prestaron os servizos polos que emiten as facturas, tendo en conta o importe que poden acadar os mesmos.*

#### **PROPOÑO O PLENO DESTE CONCELLO:**

**Primeiro:** *Levanta-lo reparo formulado por intervención e proceder ó recoñecemento das obrigas e posterior pago das facturas obxecto de aprobación do expediente nº 2/2011 incluídas na relación de recoñecemento extraxudicial 2/2011.*

**Segundo:** *A aprobación do recoñecemento de créditos 2/2011 por importe das facturas para a súa imputación ás partidas correspondentes do Orzamento do ano 2011.*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*En A Guarda, a 7 de setembro de 2011.  
O Alcalde,  
Asdo: José Manuel Domínguez Freitas”*

Intervén a señora Magallanes Álvarez e explica que o asunto foi sometido á Comisión de Contas, se trata de dar un paso máis para poder pagar as facturas, con este trámite pleanrio previo. Existen tres bloques de facturas: as de Fenosa; as que entraron no ano 2011, sendo de data 2010; e as que entrando no ano 2010 non había crédito na partida. DI que se trata dunha mera formalidade esixida pola Lei.

A señora Estévez Álvarez di que se dan por enteirada das facturas, se vai abster, as empresas teñen que cobrar se fixeron o servizo, pero sinala que se deben revisar gastos para non chegar a estes extremos.

A señora García Díaz di que o traballo feito debe pagarse, se van abster.

A señora Iglesias Ferreira di que hai que pagar os servizos efectivamente realizados.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, e Castro González (oito votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (oito abstencións).

A continuación, e antes de pasar ó punto seguinte, o señor Alcalde somete, por vía de urxencia os seguintes asuntos:

### *“PROPUESTA-MEMORIA DA ALCALDIA.*

*No desenvolvemento e execución do Orzamento do Concello de A Guarda para o exercicio de 2011, obsérvase a insuficiencia de determinadas partidas do Estado de Gastos para atender necesidades que non se poden demorar relativas o pago das cantidades a adeudadas a Cámara de Caminha polo funcionamento do Ferry durante o exercicio de 2009.*

*De conformidade cas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista partida orzamentaria no Orzamento vixente, ou sexan insuficientes as dotacións previstas no mesmo, o Concello de A Guarda poderá acordar a concesión de crédito extraordinario ou de suplemento de crédito. A devandita modificación de créditos deberá atenderse, indistintamente, co remanente líquido de Tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente, procedente do sobranche da liquidación do exercicio anterior, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no Orzamento corrente ou ben anulando ou minorando o crédito necesario de outras partidas do Orzamento cujas dotacións se estimen reducibles, sen perturbación do respectivo servizo. Tamén poderá financiarse con*



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

recurso procedentes de operacións de crédito nos casos previstos no artigo 36 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.

Esta Alcaldía, co debido asesoramento dos técnicos municipais, estima procedente tramita-lo correspondente expediente de crédito extraordinario ou de suplemento de crédito, cujos recursos nutriranse con cargo Remanente Líquido de Tesourería do exercicio anterior, e na súa virtude, previo estudio das necesidades, de carácter inaprazable, que neste momento ten o Concello, somete a consideración do Pleno do Concello, previo informe de Intervención, as modificacións que a continuación se detallan:

## 1º.-SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

<u>Partida Orzamentaria</u>	<u>Consignación antes de este expediente</u>	<u>Aumento que se propone</u>	<u>Total Consignación resultante</u>
<u>440.214,00</u>	<u>500,00</u>	<u>133.536,04</u>	<u>134.036,04</u>

## RESUMEN

Total suplementos de crédito..... 133.536,04  
IMPORTE TOTAL DE LA OPERACIÓN..... 133.536,04

## FINANCIACIÓN

<u>Remanente líquido de Tesourería, ó comenar o exercicio</u>	<u>293.376,36</u>
<u>Remanente utilizado incorporación remanentes</u>	<u>20.473,31</u>
<u>Remanente Tesourería sobrente</u>	<u>272.903,05</u>
<u>Cantidade que se precisa utilizar neste expediente</u>	<u>133.536,04</u>
<u>Diferencia: Cantidade de Remanente sobrente</u>	<u>139.367,01</u>

Por todo o anteriormente exposto:

**PROPOÑO O PLENO DO CONCELLO:**

Aprobar provisoriamente o expediente administrativo de modificación de créditos nº 17/2011, mediante crédito extraordinario esuplemento de crédito por un importe de 133.536,04 Euros.

O expediente administrativo de modificación de créditos nº 17/2011 entenderase aprobado definitivamente, sen necesidade de novo acordo plenario, se no período de exposición ao público de aquel non foran presentadas reclamacións.

En A Guarda, a 26 de setembro 2011  
O Presidente,  
Asdo.: José M. Domínguez Freitas”



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Alcalde xustifica a urxencia polas razóns dadas pola Concelleira de Facenda na Comisión de Contas: o ano pasado acordouse con Caminha un determinado aplazamento dos pagos do ferri, e resulta necesario habilitar as partidas para facer un pago correspondente á débeda do ano 2009 . A urxencia, coa problemática do ferri e do dragado, ven dada porque o Concello ten que corresponder a Caminha coa financiación dos gastos, e atender ós compromisos adquiridos.

A señora Estévez Álvarez di que votará a favor da urxencia.

O señor Lomba Alonso di que estivo analizando que a data de confección da documentación que figura é do 26 de setembro, polo que podería terse levado á Comisión de Contas por urxencia e vir ó Pleno como punto do orde do día, pois había tempo material, e foi entregado o día 28.

O señor Alcalde responde que non estaba feito o día da Comisión, contestando o señor Lomba Alonso que entón se trata dun erro, porque as data están mal, se ben votará a favor da urxencia.

A señora Iglesias Ferreira di que votará a favor da urxencia.

Sometida a votación a urxencia foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

Intervén a señora Estévez Álvarez, que quere información sobre o que se fixo na Guarda e en Caminha, para saber os gastos que hai que pagar, así como información sobre o ano 2010.

O señor Lomba Alonso di que sorprenden as presas desta proposita, igual responden á advertencia da Alcaldesa de Caminha de suspender o servizo. Hai formas de facer as cousas, ahi que recadar fondos para pagar a débeda con Caminha, e pregunta polo total que se lle adebeda. Pensa que isto é froito da forma de configurar os orzamentos, pois daquela xa se debían cartos e isto xa se sabía; pero en 2011 se deixan só 500 euros na partida, e agora se habilita unha partida moi superior. Igual a estas alturas aparece esta modificación de crédito para contentar a Caminha, parécelle unha conducta errática por parte do equipo de goberno á hora de elaborar os orzamentos. Se van abster.

Intervén a señora Iglesias Fernández e di que por deferencia coa Cámara de Caminha, é correcto facer o pago.

O señor Alcalde di que isto obedece a un plan formulado o ano pasado, pois dende o ano 2000 o Concello non lle transferiu nada a Caminha, tendo en conta que os seus gastos son superiores ós gastos do Concello. O ano pasado se acordou un Plan de pagos dende o 2066, posto que se considera que as anteriores contías están prescritas ( se ben Caminha adiantou que iso o vai pelear).Xa se pagou un ano, e esta ano se vai pagar outro, xa se verá cómo afrontar os anos anteriores.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Estévez Álvarez pregunta qué se pagou, respondendo o señor Alcalde que o ano pasado pagaron 2009 e este ano pagarán 2008.

O señor Lomba Alonso di que no ano 2010 había unha partidas, e no ano 2011 se baleiran; agora aumentan, o que supón unha forma errática de facer os orzamentos, cando quedan pendentes de pago 2007 e 2010. Di que da que pensar.

O señor Alcalde di que os orzamentos as veces se fan como se poden, pero se fiexran constar todas as partidas que se deben a Caminha se produciría desequilibrio.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, e Pazos Lomba (trece votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (tres abstencións).

O señor Alcalde da conta do seguinte asunto que se somete por vía de urxencia:

*“PROPOSTA DA ALCALDÍA.*

*VISTO o escrito da Consellería de Facenda, Dirección Xeral da Función Pública de data 27 de setembro de 2011 ( RE 5975), en relación coa solicitude de compatibilidade para a prestación de servizos no Conservatorio Profesional de Música de Vigo formulada por dona M<sup>a</sup> Rosario Guerrero García, profesora de gaita do Conservatorio Elemental do Concello da Guarda como persoal laboral fixo, e requiríndose ó Pleno do Concello de A*

*Guarda para a realización da proposta de resolución correspondente, outorgando un prazo para a remisión do informe e da documentación de quince días.*

*En data 29 de setembro de 2011, entrégase informe por parte da Directora do Conservatorio do Concello da Guarda , dona Lourdes Ruiz Abad, no que sinala que dona M<sup>a</sup> Rosario Guerrero García presta os seus servizos como profesora na especialidade instrumental de gaita galega, impartindo clases individuais do instrumento, cunha xornada laboral semanal de dez horas.*

*En cumprimento do artigo 9 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, Lei de Incompatibilidades do Persoal ó servizo das Administracións Públicas, elevo ó Pleno a adopción da seguinte proposta de resolución:*

*1.- Informar favorablemente e elevar proposta de autorización da declaración de compatibilidade formulada por dona M<sup>a</sup> Rosario Guerrero García.*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*2.- Remitir a presente proposta á Consellería de Facenda, Dirección Xeral da Función Pública ( Subdirectora Xeral de Incompatibilidades e Boas Prácticas)*

*A Guarda, a 29 de setembro de 2011.  
O ALCALDE,  
Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”*

O señor Alcalde xustifica a urxencia porque o escrito chegou despois da Comisión de Asuntos Plenarios e outorgan un prazo de 15 días para remitir o acordo e a documentación, e os previsibles Plenos extraordinarios que terán lugar se celebrarán máis alá desa data.

Sometida a votación a urxencia da proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

Intervén a señora Estévez Álvarez e pregunta se a interesada pediu a renovación da súa excedencia, contestando a secretaria que lle foi concedida unha excedencia por prestar servizos noutra Administración, que non ten outro límite de duración máis que a terminación dos servizos na outra Administración, polo que non tiña que renovar a excedencia. Ademais, non tiña reserva de posto de traballo, se o Concello houbera querido cubrir o posto, debería ofrecerllo á interesada, e no caso de non aceptalo, proceder á súa provisión. Nesta caso, ela solicita o reingreso unha vez cesa a causa de incompatibilidade que deu lara á excedencia.

A señora Estévez Álvarez pregunta polo Decreto que se axunta na documentación, se afecta a funcionario e laborais, respondendo a secretaria que se refire as actividades que se levan a cabo neste tipo de centros, e que o Decreto é do ano 94, na actualidade a lexislación vai asimilando ós funcionario e os laborais, pero neste caso o Decreto se refire á actividade.

O señor Lomba Alonso pregunta se está asegurado o servizo, contestando o señor Lomba Baz que sí.

A señora Iglesias Ferreira di que o que se trata é de asegurar o servizo, e que o seu horario lle permita aseguralo.

O señor Alcalde di que a Directora do Conservatorio non informaría favorablemente se non fora así.

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

### **PUNTO 9º.- MOCIÓNS:**

**R.E. 4838 DE 02/08/2011 DE CG: PROPOSTA PARA POSTA EN MARCHA DA “EUROCIDADE CAMINHA-A GUARDA”.**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Estévez Álvarez da lectura da seguinte moción:

### **“Proposta para a posta en marcha da “Eurocidade Caminha- A Guarda”.**

A nosa comarca galaico-portuguesa das “Terras Miñotas” presenta unhas graves carencias nos sistemas de comunicación e transporte como son: o obsoleto tren entre Porto e Vigo, imposición de peaxes ás autoestradas no norte de Portugal, e outros problemas igual de graves,... Cantos máis atrancos ás nosas vías de comunicación, ás nosas industrias e comercios,... así todos somos menos competitivos, e isto supón máis desemprego,... **Para A Guarda e Camiña é esencial o Ferry que xunta as dúas vilas, pero vemos que certo abandono administrativo podería leva-lo ó seu peche, dende Convergencia Galega queremos tratar de explorar solucións que eviten o peche do Ferry.**

Para nós o máis grave foi descubrir que no Plan de Cooperación Transfronteriza España-Portugal para o 2.007 – 2.013, os maiores beneficiarios forón institucións que non están na fronteira, mentrás que para os nosos Concellos, Cámaras Municipais e outras institucións locais só chegaron unhas migallas. En conclusión o diñeiro que aporta a Unión Europea para favorece-las zonas fronteirizas, a maior parte destes recursos monetarios é investido en lugares afastados de nós, ou sexa, **outros estáanse a proveitar duns recursos que son para nós.**

Así no 1º Plan Transfronteirizo temos algúns dos moitos beneficiarios que non están na raia.

Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), Universidad de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra, Secretaria Xeral de Relacións Exteriores da Xunta, Diputación de Pontevedra.

### **Concellos do Baixo Miño = 0€. Mancomunidad Municipal do Baixo Miño = 0€.**

As Cámaras de Moncao, Melgaco, Valenca, Paredes de Coura, Vilanova de Cerveira e Uniminho.

Soamentes 2.047.000€ chegaron de xeito directo ás Terras Miñotas, a inmensa maioría perdese por ahí,... Todo isto dun total de +129 millóns de €. Os Concellos do Baixo Miño tivemos unha cantidade fácil de memorizar, = 0€.

Así no 2º Plan Transfronteirizo temos algúns dos moitos beneficiarios que non están na raia.

Os Concellos de Sarria, Barco de Valdeorras = 228.800€, Confederación de Empresarios de Lugo, Concello de Lugo, Diputación de Pontevedra.

### **Mancomunidad Municipal do Baixo Miño = 0€.**

Si reciben os Concellos de Pontearreas, Cámara de Moncao, Melgaco, Valenca, Paredes de Coura, Caminha, Viana do Castelo.





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Vemos que as Cámaras Municipais do Alta Miño sempre logran acadar algo destes fondos. **Pensamos que un modelo a seguir para acadar unha posible solución para manter operativo ó Ferry entre Camiña e A Guarda é o formado por Verín e Chaves, as dúas cidades xa levan uns anos cun proxecto en común denominado «Eurocidade Chaves - Verín»; este proxecto vai ser financiado con 1.333.000 euros. Entre os proxectos a financiar esta un estudio sobre transporte público común e incrementa-la competitividade de ambos municipios para mellora-la calidade de vida dos seus cidadans. Poderíamos facer aquí algo similar para o ferry entre Caminha – A Guarda.**

Somos conscientes que iniciar un camiño novo non é doado, pero temos exemplos que podemos seguir, e aproveita-las súas experiencias e coñecimentos para facer máis rápido os nosos primeiros pasos. Para elo temos a “Rede Ibérica de Entidades Transfronteirizas”, o “Centro de Estudos Ibéricos”,... Hai experiencias de outros Concellos raianos dabondo, sin ir máis lonxe temos os nosos veciños eles sempre acadan financiar proxectos. O problema que temos nas Terras Miñotas, é que en pleno século XXI aínda hai gobernantes con ideas do século XX. Temos que tentar actuar dun xeito máis activo para non desperdiciar unhas oportunidades tan boas e xenerosas que están a nosa disposición cós fondos do Plan de Cooperación Transfronteriza España-Portugal para o 2.007 – 2.013.. ) En base a lexislación do Tratado de Amistade e Cooperación do 22 Novembro de 1.977, que consagra o compromiso de España e Portugal de: “conseguir un maior e máis armónico desenvolvemento económico-social das zonas fronteirizas”. **Tratado de Valencia do 3 de Outubro deo 2.002**, feito entre España e Portugal (BOE 219, do 12 de Setembro do 2.003),

### DENDE CONVERXENCIA GALEGA PROPOMOS ó PLENO:

1º) **Tratado de Valencia do 3 de Outubro deo 2.002**, feito entre España e Portugal (BOE 219, do 12 de Setembro do 2.003), sobre cooperación transfronteriza entre entidades e instancias territoriais; en base ó seu art 3º, necesitamos dar un desenvolvemento ó art 5º, 1 nas seus apartados A, B, C e D.

**Así tomando como base o art 5º, 2 C ou D è tentar formar cóa Cámara Municipal de Camiña un proxecto de “Eurocidade Camiña – A Guarda”, buscando vías de financiación para solventar-los problemas do Ferri que xunta as dúas vilas miñotas, por ser este o máis urgente;** así como aproveitar este proxecto para buscar fondos de financiación para proxectos de solo industrial, melloras nos equipamentos municipais, de vías de comunicación.

2º) **Así tomando como base o art 5º, 2 C ou D do Tratado de Valencia do 3 de Outubro deo 2.002**, feito entre España e Portugal (BOE 219, do 12 de Setembro do 2.003) è **facer unha toma de contactos institucionais para crear un organismo de cooperación transfronteiriza do que formen parte tódolos Concellos e Cámaras das Terras Miñotas (Alto e Baixo Miño), para crear un Grupo de Traballo estable coa presenza de tódalas entidades municipais, pero só os Concellos e Cámaras, nada de entidade administrativas alleas a nós (a experiencia demostra que estas rematan por desviar a maior parte dos fondos lonxe da nosa comunidade territorial); para que fagan estudos e propostas de tal xeito que a maior parte dos fondos de cooperación transfronteiriza beneficien ós nosos Concellos, e non como agora. Pois agora hai institucións que non fronteirizas e aproveitanse deste recursos ante a pasividade ou ignorancia das nosas institucións municipais.**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

3º) *Encher de contido a Mancomunidade Municipal do Baixo Miño; integrala na “Rede Ibérica de Entidades Transfronterizas”. **Crear dentro dela un Grupo de Traballo estable que estudie e elabore proxectos a ser financiados polos programas do Plan de Cooperación Transfronteriza España-Portugal.***

*A Guarda, a 2 de agosto do 2.011  
Beatriz Estevez Alvarez”*

Intervén o señor Lomba Alonso e di que nesta moción a resolución pouco ten que ver coa creación dunha eurocidade, e algunhas ideas expresadas parecen máis ideas do século XX que do século XXI. Sinala que a Eurocidade de Verín-Chaves ten unhas condicións diferentes, cunha poboación bastante máis grande, os promotores da idea ven que teñen problemas para sacala adiante, requiren dunha masa crítica de poboación. Pensa que hai figuras máis interesantes para ter forza en Europa, os fondos europeos son para proxectos transfronteirizos, con este tinte localista non se consegue nada en Europa. Pide que sexa retirada a moción, para tratar que dende a Mancomunidade se consiga un mínimo de poboación crítica necesaria para presentar proxectos. Di que a resolución pouco ten que ver co título da moción, e roga a Convergencia Galega que a retire, en caso contrario se van abster.

A señora Iglesias Ferreira di que o PP non irá en contra de crear unha eurocidade, pero hai que estudar as cousas e ver qué podemos ofrecer, estudar outros casos, pois a de Verín-Chaves ten moitos problemas. Se trata de compartir servicios, a moción parece dicir que o fin da eurocidade é lograr fondos para o ferri, ou o seu dragado, e di que ela pode asegurar que non se conseguirían fondos para iso cunha eurocidade. No caso de Verín-Chaves, dispoñen de portelo propio, apoio da Deputación, pero o maior problema é de mobilidade, pois o transporte non está subvencionado e sae moi caro. A nivel sanitario e educativo non cabe compartir servicios, incluso as ligas de fútbol non se poden compartir. Opina que é unha moción fora de lugar e que non ten sentido.

Intervén o señor Alcalde e di que cando falan de vontade pode ser que os outros non teñan esa vontade, pois no saben se Caminha ten esta intención. Respecto ó tema de potenciar a Mancomunidade, ata agora non fixeron nada, e tampouco sabe a vontade da Mancomunidade neste sentido. Di que non van dificultar o tema, se lle porá de manifesto á Alcadesa de Caminha, para explorar o que pensan. Despois se lle preguntará á Mancomunidade, e ós Concello da raia. Votarán a favor, pero eles sós non poden tirar do asunto.

A señora Estévez Álvarez di que se puxo ese nome por buscar un nome, pero se presentou para solventar o tema do ferri, que da perdas. Se dous Concellos unen esforzos para contratar técnicos e tratar de facer proxectos, se poden presentar, pois hai Concellos que presentan proxectos en Europa, e A Guarda non os presenta ou non os aproban.

O señor Alcalde responden que hai dous ou tres anos presentaron un proxecto, se buscaron socios en Portugal, e noutros dous máis se presentou coa Universidade de Vigo. O primeiro non saíu e o outro sí, se trataba de temas de turismo. A competencia en Europa é moi grande, e A Guarda ten que recorrer á redacción externa, incluso se lle dixo á empresa que se o proxecto saía cobrarían, e en caso contrario non.

O señor Lomba Alonso di que na moción se va a intención, se fan afirmacións e hai que ser responsables. O BNG non se nega, pero non quere crear algo que non sirva de nada, temos xa moitas institucións que non valen para nada. Parece que o que hai escrito na moción ó que se di por parte da



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

concelleira non ten nada que ver, fala de trras miñotas e só se fala dun Concello, o máis pequeno. Deben ser ambiciosos para que non poñan pegas, en Europa hai moitas eurocidades de verdade, a moción non hai por onde collela.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, e Estévez Álvarez (nove votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, e García Díaz (sete abstencións).

(Sae o señor Rodríguez González, 21:15 horas).

### **R.E. 5.488 DE 02/09/2011 DE CG: SOLUCIÓN Á PROBLEMÁTICA SOBRE O TEMA DO FERRY.**

A señora Estévez Álvarez da lectura da seguinte moción:

*“Lamentablemente vemos que un dos poucos elementos que dinamizan o noso marco económico, como é o Ferry entre as Vilas de Caminha e A Guarda hoxe está en perigo de remata-lo seu servizo por falta de operatividade da súa canle de navegación, pola colmatación por sedimentos procedentes da zona alta do cauce fluvial.*

*No Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil para os anos 2.010-2.015 no se artigo 59º,2 obrígase as empresas xestoras dos embalses a descarga-los sedimentos das presas, os cales certo tempo despois rematan no esteiro; en resumo eles o que fan e desviarnos o problema para nós.*

*Dado que no Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil para os anos 2.010-2.015 hai un orzamento de +838 millóns de €, polo cal dado que o río Miño é competencia deste organismo, debe ser este ente quen aporte gran parte da financiación necesaria para sufraga-los custes da extracción dos áridos, para manter operativa a canle de navegación do Ferry.*

*No Convenio de cooperación para a protección e aproveitamento sostible das augas das concas hidrográficas hispano-lusas de Albufeira do 30 Novembro de 1.988, modificado polo Protocolo de Revisión de Madrid e Lisboa do 4 Abril de 2.008, abre un marco xurídico para que o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil para os anos 2.010-2.015, no se artigo 12º,2 falase de elaborar un Plan de Ordenación do Estuario Internacional do río Miño. Hai que traballar que se faga efectivo este Plan de Ordenación e no mesmo recóllase o necesario mantemento da canle de navegación do Ferry e das outras existentes no esteiro do río Miño.*

*A outra parte do problema é a base legal para a extracción de áridos nos ríos, na Lei de Costas (Lei 22/1.988) non prohibe totalmente a extracción de áridos, pois no seu artigo 29º deixa aberta a porta a permiti-la extracción dos mesmos nos tramos finais dos seus cauces*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*fluviais; polo tanto para darlle un marco xurídico de legalidade a extracción necesaria que necesitamos para manter operativo a canle de navegación do Ferry, só é necesario facer un pequeno engadido ó artigo 29º da Lei 22/1.988, para que quede escrito que permítase a extracción de áridos nos tramos finais fluviais para manter operativos as canles de navegación.*

*Así con estas dúas liñas de traballos xurídico administrativas damos unha solución legal ó problema da extracción de áridos, e por outro lado propomos unha posible solución á financiación da extracción.*

*Dianta desta situación, Convergencia Galega vimos a presentar para o séu debate e aprobación o PLENO MUNICIPAL como solución a problemática sobre o tema do Ferry entre Caminha e A Guarda que se adopten as seguintes medidas:*

*1º) Solicitar que por parte do Congreso dos Deputados procedase a facer unha modificación na Lei 22/1.988, Lei de Costas, na que se faga un engadido ó seu artigo 29º; para que no tramo final dos cauces fluviais deberán manterse operativos as canles de navegación, para o cal permitirase a extracción de áridos por parte de Administración ou Organismo público competente, ou outra fórmula de cooperación.*

*2º) Solicitar que por parte do Congreso dos Deputados procedase a facer unha modificación na Lei 22/1.988, Lei de Costas, que se faga un engadido nunha disposición adicional ou artigo, para que os áridos extraídos nos mantenimentos das canles de navegación, sexan de uso obrigatorio na rexeneración de praias.*

*3º) Solicitar que no Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil para os anos 2.010-2.015. En base ó seu artigo 12º elabórese un “Plan de Ordenación do Esteiro Internacional do río Miño”. Para que a extracción de áridos da canle de navegación formen parte das actuacións desta entidade pública e aporten financiación.*

*A Guarda, a 2 de setembro do 2.011  
Beatriz Estevez Alvarez  
Concelleira-Portavoz do Grupo Municipal  
CONVERXENCIA GALEGA-A GUARDA”*

A señora Estévez Álvarez solicita que a moción sexa enviada ós Concellos do Baixo Miño e ós grupos parlamentarios do Congreso e do Senado.

Intervén o señor Lomba Alonso e di que, no punto primeiro, se intenta solventar o tema da Guarda cunha reforma para todo o Estado español. En relación co punto segundo, advirte co que se pide, o uso obrigatorio deses áridos non depende de temas políticos, se pide unha modificación sen retorno, non todos os cauces dos ríos e rías do Estado español teñen as mesmas características.

(Regresa o señor Rodríguez González, 21:18 horas).

A señora Iglesias Ferreira di que o tema do ferri preocupa a todos, e xa quedou patente, o PP estivo nas reunións e o Congreso do Deputados é coñecedor desta problemática. O punto segundo da moción é cuestionable, pois nalgún caso se fixo unha extracción e non se puido depositar na praia. Di que se



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

posicionarán confiando nas xestións que deben levarse a cabo, e na redacción dos estudos pertinentes. Pensa que está fora de lugar.

Intervén o señor Español Otero e di que o GMS ve o fin da moción, pero teñen dúbidas sobre a redacción do punto segundo, pois é conflictivo, o señor Lomba Alonso xa o espuxo perfectamente, hai casos nos que a area é nociva para as praias. Piden que se modifique o texto do punto segundo ou que se elimine.

A señora Estévez Álvarez acepta engadir no punto primeiro da moción, despois de “ canles de navegación” “ onde existan”; acepta retirar o punto segundo da moción; e engadir a remisión da moción ós Concellos do Baixo Miño e ós grupos parlamentarios do Congreso e do Senado.

O señor Lomba Alonso felicita a retirada do punto segundo, pero non ten clara a idoneidade da redacción do punto primeiro, se van abster.

A moción quedaría redactada como segue:

*“Lamentablemente vemos que un dos poucos elementos que dinamizan o noso marco económico, como é o Ferry entre as Vilas de Caminha e A Guarda hoxe está en perigo de remata-lo seu servizo por falta de operatividade da súa canle de navegación, pola colmatación por sedimentos procedentes da zona alta do cauce fluvial.*

*No Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil para os anos 2.010-2.015 no se artigo 59º,2 obrígase as empresas xestoras dos embalses a descarga-los sedimentos das presas, os cales certo tempo despois rematan no esteiro; en resumo eles o que fan e desviarnos o problema para nós.*

*Dado que no Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil para os anos 2.010-2.015 hai un orzamento de +838 millóns de €, polo cal dado que o río Miño é competencia deste organismo, debe ser este ente quen aporte gran parte da financiación necesaria para sufraga-los custes da extracción dos áridos, para manter operativa a canle de navegación do Ferry.*

*No Convenio de cooperación para a protección e aproveitamento sostible das augas das concas hidrográficas hispano-lusas de Albufeira do 30 Novembro de 1.988, modificado polo Protocolo de Revisión de Madrid e Lisboa do 4 Abril de 2.008, abre un marco xurídico para que o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil para os anos 2.010-2.015, no se artigo 12º,2 falase de elaborar un Plan de Ordenación do Estuario Internacional do río Miño. Hai que traballar que se faga efectivo este Plan de Ordenación e no mesmo recóllase o necesario mantemento da canle de navegación do Ferry e das outras existentes no esteiro do río Miño.*

*A outra parte do problema é a base legal para a extracción de áridos nos ríos, na Lei de Costas (Lei 22/1.988) non prohibe totalmente a extracción de áridos, pois no seu artigo 29º deixa aberta a porta a permiti-la extracción dos mesmos nos tramos finais dos seus cauces fluviais; polo tanto para darlle un marco xurídico de legalidade a extracción necesaria que necesitamos para manter operativo a canle de navegación do Ferry, só é necesario facer un*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*pequeno engadido ó artigo 29º da Lei 22/1.988, para que quede escrito que permítase a extracción de áridos nos tramos finais fluviais para manter operativos as canles de navegación.*

*Así con estas dúas liñas de traballos xurídico administrativas damos unha solución legal ó problema da extracción de áridos, e por outro lado propomos unha posible solución á financiación da extracción.*

*Dianta desta situación, Convergencia Galega vimos a presentar para o séu debate e aprobación o PLENO MUNICIPAL como solución a problemática sobre o tema do Ferry entre Caminha e A Guarda que se adopten as seguintes medidas:*

*1º) Solicitar que por parte do Congreso dos Deputados procedáse a facer unha modificación na Lei 22/1.988, Lei de Costas, na que se faga un engadido ó seu artigo 29º; para que no tramo final dos cauces fluviais deberán manterse operativos as canles de navegación, onde existan, para o cal permitirase a extracción de áridos por parte de Administración ou Organismo público competente, ou outra fórmula de cooperación.*

*2º) Solicitar que no Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil para os anos 2.010-2.015. En base ó seu artigo 12º elabórese un “Plan de Ordenación do Esteiro Internacional do río Miño”. Para que as extracción de áridos da canle de navegación formen parte das actuacións desta entidade pública e aporten financiación.*

*3º) Remisión da moción ós Concellos do Baixo Miño e ós grupos parlamentarios do Congreso e do Senado.*

*A Guarda, a 2 de setembro do 2.011  
Beatriz Estevez Alvarez  
Concelleira-Portavoz do Grupo Municipal  
CONVERXENCIA GALEGA-A GUARDA”*

Sometida a votación a moción, coas correccións fixadas, foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, e Estévez Álvarez (nove votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, e García Díaz (sete abstencións).

(Sae o señor Español Otero, 21:30 horas).

**R.E. 5.829 DE 19/09/2011 DO BNG: CONTROL ABUSIVAS COMISIÓNS BANCARIAS.**

A señora García Díaz da lectura da seguinte moción:

**“MOCIÓN CONTROL ABUSIVAS COMISIÓN BANCARIAS.**



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## 1-Exposición de motivos:

*As comisións que as entidades financeiras repercuten aos usuarios e usuarias experimentaron unha subida significativa en plena crise económica, de maneira especial ao longo dos últimos meses. Ao tempo que as entidades bancarias seguen acumulando beneficios, que ascenderon a 3.174 millóns de euros no primeiro trimestre deste ano, tamén se detectou un notábel crecemento das comisións bancarias. As estatísticas do Banco de España reflicten un incremento medio de todas as comisións bancarias, que mesmo se acentuou en só un mes (desde maio a xuño deste ano), con incrementos que van desde o 6 ao 14,28%, comisións por mantemento de contas correntes ou de aforro que se están estandarizando ao redor dos 30 euros anuais, gravando mesmo con cantidades adicionais a contas de saldos medios inferiores a 2.000 euros.*

*Tamén coincide esta subida coa restrición no acceso ao crédito para a maioría de persoas, de dificultades para obter financiamento tanto por parte de empresas, emprendedores como particulares.*

*A subida das comisións bancarias, no caso do mantemento de contas correntes ou de aforro, que deberían estar exentas, convértense en abusivas polo feito de poder dispor as entidades do diñeiro depositado e con iso xerarlles beneficios.*

*A aplicación de cláusulas abusivas e inxustas por parte das entidades financeiras non pode ser consentida de maneira indefinida. A afectación e as consecuencias negativas que supoñen para millóns de persoas a continuidade desas prácticas bancarias ilegais, confírenlles un interese público e social que e obrigan a que as institucións competentes, tanto o Goberno Central, que exerce a supervisión de todo o sector financeiro, como a Xunta de Galiza, á que lle corresponde dita supervisión no ámbito das caixas de aforro, encaren a situación e adopten medidas con carácter urxente en defensa do devandito interese.*

## 2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que adoite as seguintes medidas:

*Instar á Xunta de Galiza, e para que a súa vez inste, tamén, ao Goberno do Estado a:*

*1. Adoptar as medidas necesarias para impedir que mentres se manteña a situación de crise económica se produzan aumentos das comisións que aplican as entidades financeiras.*

*2. Realizar unha supervisión das comisións das entidades financeiras, establecendo límites máximos por cada comisión en función de parámetros obxectivos que teñan en conta o custo real do servizo prestado.*

*3. Obrigar ás entidades financeiras a ofrecer de forma transparente o importe das comisións polos distintos servizos.*

*4. Aprobar de forma inmediata as normas legais precisas para evitar que por parte das entidades financeiras se manteña o cobro abusivo en concepto de mantemento ou administración de contas correntes ou de aforro, e a obrigar á devolución das cantidades ingresadas en caso de persistir na dita práctica.*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*A Guarda, 29 de setembro de 2011. Asdo. Xan Lois Lomba Alonso.  
Portavoz municipal do BNG na Guarda.”*

(Regresa o señor Español Otero, 21:32 horas).

A señora García Díaz di que estas prácticas son de interese público e social e todos deben implicarse.

A señora Estévez Álvarez di que só falan de mantelas pero non de retiralas, e iso é para manter os privilexios dos bancos. Di que hai un lema que di “ *un tonto y su dinero no pueden estar mucho tiempo juntos*”. Os bancos, ademais de cobrar comisións, fan outras prácticas abusivas, como cláusulas de renuncia de fuero, non respetan a xurisprudencia, e hai indicios de pago de cheques non asinados polo seu titular.

A señora Iglesias Ferreira non intervén.

O señor Alcalde di que votarán a favor.

A señora García Díaz pregunta polo posicionamento de Convergencia Galega, pois non lle quedou claro, contestando a señora Estévez Álvarez que deberan haber posto máis cousas.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, e García Díaz (dez votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sra. Estévez Álvarez (un voto en contra)

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, e Pazos Lomba (cinco abstencións).

### **R.E. 5.830 DE 19/09/2011 DO BNG: DEROGACIÓN DA ORDE POLA QUE SE APROBAN OS PREZOS DE INMBLES RÚSTICOS E URBANOS.**

A señora García Díaz da lectura da seguinte moción:

**“MOCIÓN SOBRE A DERROGACIÓN DA ORDE POLA QUE SE APROBAN OS PREZOS DE INMÓBEIS RÚSTICOS E URBANOS**

1- *Exposición de motivos:*

*A aplicación da devandita norma como medio preferente para determinar o valor dos inmóbeis aos efectos do cálculo dos tributos xestionados pola Xunta de Galiza conlevará un aumento xeralizado e abusivo dos impostos que gravan as transmisións patrimoniais inter vivos ou mortis causa (sucesións e doazóns), unha situación que afectará negativamente á maioría dos veciños e veciñas do noso concello.*





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*A subida media das taxacións dos inmóbeis que pretende aplicar a Xunta de Galiza, incluso de xeito retroactivo desde xaneiro de 2010, estímase entre un 25 e un 30 por 100, chegando nalgúns casos ao 65 por 100, como puxeron de manifesto desde que se difundiu o proxecto previo á publicación da Orde especialistas en xestión e asesoría tributaria, organizacións profesionais agrarias, ou mesmo representantes municipais.*

*En realidade estamos ante unha suba encuberta de impostos aplicada pola Xunta de Galiza, facendo uso dunha actualización de valores alonxada da realidade, dado que, debido á situación de crise económica é precisamente o mercado inmobiliario un dos máis afectados polo descenso continuado dos prezos ao longo dos últimos anos.*

*Alén diso, a aprobación desta norma demostra a nefasta xestión económica do Goberno Galego, incapaz de facer unha xestión realmente eficaz dos recursos públicos, e ao tempo, afanoso de botar man de mecanismos que implican un incremento desproporcionado de impostos sen importarlle a difícil conxuntura económica na que se atopan a maioría das persoas deste país.*

*2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que adoite as seguintes medidas:*

*1. Dirixirse ao Goberno Galego para que :*

- 1. Derroque e deixe sen efecto a Orde da Consellaría de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmóbeis rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011.*
- 2. Aprobe unha nova norma pola que se fixen novos valores medios dos inmóbeis que teñan en conta a situación de crise económica e que, polo tanto, en ningún caso, supoña incrementos respecto dos valores vixentes.*

*2. Dar traslado deste Acordo ao Goberno Galego e máis aos Grupos Parlamentares con representación no Parlamento de Galiza.*

*A Guarda, 19 de setembro de 2.011.*

*Asdo. Xan Lois Lomba Alonso.*

*Portavoz municipal do BNG na Guarda.”*

A señora Estévez Álvarez di que saben que o Presidente da Xunta incumpre o seu pacto con Galicia, pois é unha suba de impostos, debería pagarse polo que vale o inmovible, tamén nas expropiacións, pois a Administración sempre vai á baixa.

A señora Iglesias Ferreira di que pode ser inxusto e fastidioso, pero a base impositiva é o valor real do ben. Di que é certo que a Consellaría de Facenda aprobou unha orde de aprobación de prezos medios, que supón utilizar unha nova valoración de inmoables pola Administración tributaria, pero recorda que supón a plasmación da lei de orzamentos xerais da Comunidade de Galicia para o ano 2008, lei que foi aprobada polo goberno bipartito.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora García Díaz di que lle sorprende a actitude do PP, pois a suba do IPC nas Ordenanzas municipais parece que non procedía, e agora no apoia esta moción.

Intervén o señor Español Otero e di que aquí non se están subindo impostos, se están a actualizando as Ordenanzas co IPC. Di que votarán a favor da moción, e comparten o argumento do PP, é inxusto.

A señora Iglesias Ferreira di que entende que é gravoso, pero se trata de dar un valor real ós inmobles, e se trata dunha actualización duns valores establecidos por lei.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, e García Díaz (dez votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, e Pazos Lomba ( cinco votos en contra)

**ABSTENCIÓNS:** Sra. Estévez Álvarez (unha abstención).

### **R.E. 5.894 DE 22/09/2011 DE CG: DIA INTERNACIONAL DA INFANCIA.**

A señora Estévez Álvarez da lectura da seguinte moción:

*“O vindeiro 20 de Novembro é o Día Internacional da Infancia, por coincidir neses día a aprobación pola ONU da Declaración dos Dereitos dos Nenos de 1.959, así como aprobaciós da Convención sobre os Dereitos dos Nenos de 1.989.*

*Valoramos positivamente os grandes avances logrados en materia de infancia e xuventude que leva acadado a nosa sociedade. Sabemos que o Concello é a Casa de tódolos cidadáns e asimesmo é a Administración que está máis perto, a que sempre buscan para atopar solucións ós seus problemas.*

*Agora vemos a necesidade de abrir e achega-lo Concello ós seus veciños, para que estes o coñezan, pero esta labor de instrucción e transparencia onde máis froito pode dar é entre as novas xeraciós; dende o Concello e os cargos electos debemos espallar nestas novas xeraciós valores civícos, de tolerancia, convivencia, igualdade e respecto ós demáis, reflexionar sobre os problemas da nosa sociedade e plantexarlles solucións a estes,... que eles vexan e practiquen dende novos os valores democráticos e da participación cidadán na vida social, que as nosas liberdades comportan uns dereitos, pero tamen uns deberes. Nun futuro non moi lonxano serán estes nenos e nenas os que ocupen os lugares e responsabilidades que hoxe temos nós.*

*Dende o grupo municipal de Convergencia Galega propomos ó Pleno do Concello a toma do seguinte acordo.*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

1º) Realizar entre a datas do 20 de Novembro (Día Internacional da Infancia) e o 6 de Decembro (Día da Constitución de 1.978) un Pleno Municipal Infantil, onde nenos e nenas dos colexios do Concello por un día elese sexan os concelleiros e Presidente da Corporación.

2º) Facer unha laboura pedagóxica dos concelleiros xunto cós profesores destes nenos, para explicarlles que é o Concello, que facemos realmente, o moito traballo administrativo que temos para levar adiante o día a día do Concello, os moitos campos e responsabilidades que abarca.

*A Guarda a 19 de Setembro do 2.011  
Sr. Alcalde-Presidente  
Concello de A Guarda”*

A señora García Díaz di que todo o que sexa achegar o Concello ós veciños lles parece ben, e lembra que o día 20 de novemebro se celebran eleccións.

A señora Iglesias Ferreira di que esta é unha moción para relaxarse, lle consta que xa se van facendo, e di que se queren contar con outros concelleiros non hai problema, porque sabe que é un tema que se trata nos colexios.

Intervén o señor Lomba Alonso e di que dende hai anos se van facendo, coa conmemoración do día da Constitución, un Pleno infantil e un Pleno xuvenil, se fai un traballo conxunto cos nenos e cos profesores, se ben lle darán máis publicidade, quedando invitados os concelleiros quen queiran asistir. Explica que é unha iniciativa que parte do Concello, pero os colexios fan o traballo, que é moi duro.

O señor Alcalde engade que tamén reciben visitas de nenos nas dependencias do Concello, se colabora nestas dúas facetas, e invita ós concelleiros a que participen.

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

### **R.E. 5.954 DE 27/09/2011 DO BNG: RESTITUCIÓN AXUDAS NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.**

O señor Lomba Alonso da lectura da seguinte moción:

*“MOCIÓN RESTITUCIÓN AXUDAS NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.*

*1- Exposición de motivos:*

*A Xunta de Galiza, mediante unha Orde ditada pola Consellaría de Educación, o pasado día 7 deste mes, procedeu a eliminar as axudas dirixidas a Concellos en materia de normalización lingüística. Estas axudas víñanse concedendo anualmente desde hai moitos*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*anos, e permitían que algúns concellos contasen con servizos de normalización lingüística, ou desenvolvesen actividades de promoción e dinamización do noso idioma.*

*Tanto o Estatuto de Autonomía de Galiza, que vincula aos poderes públicos ao emprego do galego en todos os ámbitos, como a Lei de Normalización Lingüística, que establece compromisos concretos neste campo, a desenvolver polos concellos, determina a necesidade de activar medidas, baixo dirección e coordinación do Goberno galego, para normalizar o uso do idioma propio de Galiza na administración local.*

*O goberno do Partido Popular, utilizando como coartada os obxectivos de estabilidade orzamentaria e déficit público, eliminan as axudas para a lingua galega, e cumpren co seu programa político: a liquidación do uso do noso idioma tamén no ámbito oficial. Pero, esta agresión tamén conleva a desaparición dos servizos de normalización lingüística e a eliminación de numerosos postos de traballo de técnicas e técnicos municipais de normalización, incumpríndose os obxectivos do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, e agudizando o ataque ao galego.*

*2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que adoite do seguinte acordo:*

*Istar á Xunta de Galiza a*

*1.- Restituír, con carácter de urxencia, as axudas destinadas aos Concellos en materia de normalización lingüística, baixo os seguintes criterios:*

*a. Resolución urxente das axudas a fin de que cada concello coñeza o importe e poida planificar as súas actuacións.*

*b. As axudas daranlle prioridade á creación, mantemento e estabilidade dos Servizos Municipais de Normalización Lingüística.*

*c. As axudas contribuirán ao financiamento das accións normalizadoras durante a totalidade do ano.*

*d. Que todos os concellos, con independencia da súa poboación, poidan acceder ás axudas, sen prexuízo da promoción de servizos comarcalizados a través da agrupación de concellos.*

*2.- Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.*

*A Guarda, 27 de setembro de 2.011.*

*Asdo. Xan Lois Lomba Alonso.*

*Portavoz municipal do BNG na Guarda.”*

O señor Lomba Alonso fai referencia ó que ven sucedendo os últimos dous anos, cunhas institucións que deberan velar por algo que é patrimonio de todos; se pecharon case todos os medios de comunicación que tiñan o galego como marca, e o que se fai non ensino non ten nome. Di que se unha das cousas que se conseguiron foi a Lei de Normalización Lingüística, co voto a favor do PP, dende que entrou este equipo de goberno se dedicaron a mermalo. Deben dar un paso adiante para a defensa da nosa lingua.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Estévez Álvarez di que todos os documentos do Concello saen en galego, e ela está falando en galego, aínda que tamén fale en castelán.

O señor Fontenla Martínez di que o PP non vai apoiar a moción, pois cos termos “ agresión” e “enfrentamento” non se defenden as linguas, se defenden falando. Di que en tempos de recortes, a lingua debemos defendela nós mesmos, pois se non abandoamos a confrontación, o galego vai seguir supeditado ás formacións políticas.

O señor Lomba Alonso di que lle congratula escoitar a un edil do PP defender a nosa lingua, o que mellor asegura a permanencia dun idioma é falalo, peor hai que promocionalo. O único que confrontou foi o PP de Feijóo e compañía, pois incluso os señores Beiras e Fraga acadaron un acordo de mínimos. Quen veu co tema do galego foi o PP, aquí non había problemas. En vez de recortar as axudas á normalización lingüística, que se recorten as axudas ós centros concertados ou ós grandes medios de comunicación, pois investir nunha lingua é investir no seu idioma.

O señor Fontenla Martínez di que seguen en confrontación, habería que preguntarse a razón de que eses medios de comunicación pechasen, pois igual un medio que só se sustenta con subvencións non é rentable. Di que oxalá deran subvencións para todo, pero deben establecerse prioridades. Di que el fala galego, pero danlle ganas de falar castelán, cada un fala como lle da a gana. As falas son vehículos de comunicación, non armas de confrontación política..

O señor Lomba Alonso di que el nunca obrigou a ningué a falar galego, el e o BNG están orgullosos do seu idioma, hai uns deberes públicos, e quen trouxo a confrontación foi o PP de agora.

O señor Fontenla Martínez di que el nunca falou de que ninguén lle obrigara, o señor Lomba Alonso di que está orgulloso do seu idioma, e el está orgulloso dos seus dous idiomas.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, e García Díaz (dez votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, e Pazos Lomba ( cinco votos en contra)

**ABSTENCIÓNS:** Sra. Estévez Álvarez (unha abstención).

**R.E. 5.955 DE 27/09/2011 DO BNG: DEVOLUCIÓNS CORRESPONDENTES ÁS LIQUIDACIÓNS NEGATIVAS DA PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO.**

O señor Lomba Alonso da lectura da seguinte moción:

*“MOCIÓN SOBRE AS DEVOLUCIÓNS CORRESPONDENTES ÁS LIQUIDACIÓNS NEGATIVAS DA PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO.*

*1-Exposición de motivos:*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*O actual sistema de financiamento das entidades locais foi impulsado e aprobado polo PP e mantido polos gobernos do PSOE, o que nos aboca hoxe non só á minoración dun importante montante dos ingresos dos concellos senón a devolución das liquidacións negativas da participación nos ingresos do Estado (PIE), pondo en perigo o mantemento dos servizos públicos locais e á quebra económica e existencia dalgúns concellos.*

*Os efectos da crise, sumada a insuficiencia financeira crónica dos concellos, constitúe unha mestura explosiva que está a provocar dificultades para atender os servizos públicos*

*Pero ese modelo de financiamento local, que subordina aos concellos a unha existencia de sobressaltos e angustia económica, afecta tamén á participación da Xunta de Galiza na distribución dos recursos e emprega criterios discriminatorios co noso país ao non ter en conta factores como a dispersión dos núcleos de poboación e o avellentamento, factores estruturais que impiden un axeitado modelo de financiamento ás administracións públicas locais.*

*Non existen medidas reais para superar esta grave situación, simplemente esixen a devolución das liquidacións negativas da PIE de xeito mecánico e administrativo, levando a cabo medidas económicas que prexudican aos concellos e a sociedade en xeral, familias, traballadores e traballadoras. E desta situación son responsábeis tanto o PSOE como o PP que presiden gobernos con competencias e recursos para que a situación económica tome un rumbo diferente outorgándolle un papel distinto ás administracións e garantindo o seu funcionamento normal. Xa que logo, debe establecerse de xeito urxente un aprazamento na devolución da PIE, condicionando a devolución en todo caso a que non se poña en risco a suficiencia financeira dos concellos para atender servizos públicos básicos, e tamén unha revisión a fondo do sistema de financiamento local.*

*Os concellos galegos, que representan aproximadamente o 6,5 % da poboación do Estado español, reciben un 5,27% da participación nos ingresos do Estado. Mentres os concellos de Galiza reciben 176,54 euros por habitante, a media no conxunto do Estado recibe 221,07 euros. Así, queda patente que o financiamento dos concellos desde o Estado é insuficiente e inxusto: só ten en conta a poboación (75%) e o esforzo fiscal (25%) e non ten en conta que os custos dos servizos en Galiza son máis altos que no resto do Estado pola dispersión e o avellentamento da poboación. Neste sentido cómpre recordar que Galiza conta coa metade dos núcleos de poboación do Estado: 36.000; e que a dispersión encarece os custos da prestación dos servizos. É necesario reformar o financiamento local e incrementar a contía da participación nos ingresos do Estado. Así, débese integrar plenamente a transferencia da participación nos ingresos do Estado nos orzamentos da Xunta de Galiza, e esta transferencia deberá ter en conta o maior custo dos servizos en Galiza.*

*2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que adoite o seguinte ACORDO, Instar á Xunta de Galiza a*

*1. A que demande do Goberno do Estado a elaboración un Plan que garanta o gasto corrente aos concellos e a acordar unha moratoria no pagamento das liquidacións negativas das cantidades recibidas da Participación de Ingresos do Estado (PIE).*

*2. A que, así mesmo, demande do Goberno do Estado a reforma urxente do financiamento local, de maneira que o novo modelo incremente a contía da PIE, e dita*



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*participación dos concellos galegos se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Así mesmo, demandarase que o novo modelo teña en conta o maior custo dos servizos en Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación.*

*3. Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.*

*A Guarda, 27 de setembro de 2011.  
Asdo. Xan Lois Lomba Alonso.  
Portavoz municipal do BNG na Guarda.”*

O señor Lomba Alonso di que diferentes voces reclaman un cambio de modelo debido ós problemas de financiamento do Concellos.

A señora Estévez Álvarez di que está de acordo, cre que todos debe ser iguais, todos somos españois e deberiamos ter os mesmos servizos.

A señora Iglesias Ferreira quere puntualizar que algunhas afirmacións son razoables e xustas, e xa hai un acordo para a moratoria. Votarán a favor.

Intervén a señora Magallanes Álvarez e di que xa se trouxeron mocións sobre a modificación da financiación dos Concellos. Hai que empezar a traballar en temas como a asuncións de competencias que non son propias, de servizos esenciais, por ser a Administración máis cercana. No caso da asunción de custes de gasoleo dos colexios pola Xunta xa se deu un primeiro paso. Di que é necesario un cambio que garanta a autonomía financeira. Se van abster, pois hai unha parte da moción coa que non están de acordo, non é posible que a Administración do Estado poida determinar o gasto corrente dun Concello, porque hai Concellos que despilfarran. Pon como exemplo un recente viaxe que ela fixo a Bruselas, polo Concello da Guarda só foi ela, pero por outros Concellos foron moitas persoas, deben facerse diferencias. O Concello da Guarda está facendo un traballo importante en aforro de luz, e outros poden non facelo. Sinala que seguramente hai cuestións que axudarían ó Concello, como a pronta remisión de cartos pola Xunta de subvencións xa xustificadas, e ademáis destaca que se veñen minorando os importes das subvencións.

O señor Lomba Alonso non cuestiona outras medidas que se poidan tomar para garantir o financiamento municipal, hai medidas para poder controlar o gasto corrente, non poden estar sempre tendo que prestar servizos que non son competencia dos Concellos, que non teñen cartos para prestalos. Pide que conste en acta que están de acordo co espírito da moción.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (oito votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, e Castro González (oito abstencións).

(Sae a señora Iglesias Ferreira, 22:20 horas).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **PUNTO 10º.- ROGOS E PREGUNTAS**

#### **Rogos e preguntas de Convergencia Galega:**

A señora Estévez Álvarez fai os seguintes rogos e preguntas:

- 1.- Pregunta cómo está a tramitación da Ordenanzas de Vallas, acordada no Pleno anterior.
- 2.- Di que na rúa Cal nº 14 hai uns cables colgados, de Fenosa.

O señor Alcalde di que en relación coa Ordenanza de vallas, se están recopilando datos.

O señor Lomba Baz di que hai un cable de telefónica que leva tempo solto, estivo alí o electricista municipal un par de veces e o cortou.

(Regresa a señora Iglesias Ferreira, 22:22 horas).

#### **Rogos e preguntas do BNG:**

1.- A señora García Díaz di que nun curso que se está desenvolvendo de recepción en aloxamentos non se aboaron as contías das axudas de locomoción en tempo e forma.

A señora Magallanes Álvarez explica que ese pago é mensual, os primeiros meses foi aboadado en tempo e forma, e houbo un retraso puntual un mes, pois coincidiron a Tesoreira e a Interventora ausentes, e faltaba a delegación de sinatura dunha delas. Se decidiu esperar á incorporación da Tesoreira e se pagou no mesmo día.

A señora García Díaz di que esas cousas deben preverse, o primeiro mes houbo un retraso dun día, pero se trata de desempregados que as veces acuden ós cursos obrigados para non perder as prestacións, merecen unha desculpa.

A señora Magallanes Álvarez contesta que no mesmo día que se puido facer o pago se fixo, e ela persoalmente se desculpou cunha persoa, e estivo esperando por se alguén quería falar con ela, pero non veu ninguén.

2.- A señora García Díaz di que como non hai vontade de elaborar un plan de tráfico, debería atenderse a entrada do IES Sangriña, sobre todo os días que chove, e no centro, coas actividades do campo de fútbol., pola grava, son problemas de seguridade vial.

O señor Alcalde di que en canto veña a máquina da Mancomunidade se procederá ó bacheado, e en canto á seguridade vial, poden autorizamos os pasos elevados de peóns, que serán asumidos polo Concello, aínda que é unha estrada da Xunta, e a zona do IES será prioritaria.

3.- O señor Lomba Alonso pregunta polo criterio utilizado para a localización da fonte Bieita na Gándara.





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Rodríguez González di que debería dirixirse ós propietarios dos terreos e á Comunidade de Montes e outros organismos que se interesaron polo tema. Di que aquilo foi recuperado como estaba e a ubicación foi para poder manter os regadíos e os niveis.

O señor Lomba Alonso pregunta quen tomou a decisión, pois é unha obra importante que se fai no Concello, el ten falado cos veciños, pero non sabe se o proxecto é definitivo ou se será con unha ou dúas presas. Eles presentaron alegacións para garantir as presas e o seu uso polos veciños.

O señor Rodríguez González di que o señor Lomba Alonso non sabe onde é, descoñece todo, lle contaron algo. Se trata de garantir o regadío, se porá onde se dean as cotas para garantilo, na parte sur, pero é un tema que non é do Concello.

O señor Lomba Alonso di que el non coñece tanto a zona, pero hai xente que sí, igual deberían ter unha charla co Presidente da Comunidade de Salcidos. Pide acceso ós planos e ó modificado do proxecto.

O señor Rodríguez González di que o Concello da Guarda non ten planos do que se fai.

O señor Lomba Alonso pide que isto conste en acta, solicitan acceso ás modificacións do proxecto do vial.

O señor Rodríguez González di que según a empresa do vial, se garantirá o regadío da zona sur, salvo unha zona que seguirá tendo as dificultades que xa tiña.

4.- O señor Lomba Alonso di que o 8 de setembro solicitou copia do informe da Xunta sobre PXOUM, e do informe que se mandou dende o Concello, e aínda non tivo resposta, pide que se lle entregue, contestando o señor Alcalde que do Concello non saen informes, senón documentos.

(Sae a señora Vicente Santiago, 22:32 horas).

5.- O señor Lomba Alonso fai referencia a un escrito presentado sobre a redución do horario da piscina, a resposta que lle deron non lle convence e non satisface ós usuarios. Di que na piscina se están producindo recortes ós dereitos dos usuarios, e hai vinteoito horas menos mensuais de servizo.

(Regresa a señora Vicente Santiago, 22:33 horas).

Continúa o señor Lomba Alonso e di que un dos grandes atractivos era a amplitude de horario, e a redución igual ven dos intereses da empresa, como xa sinalou a Interventora, máis que polo beneficio dos usuarios.

O señor Alcalde di que non dan mellorado a resposta que xa se lle deu por escrito.

6.- O señor Lomba Alonso pregunta por qué un mes e medio despois das festas do Monte a fonte da Alameda segue tapiada. Sabe que deu problemas, e pregunta qué ocorre, pois foi unha obra moi custosa.

(Sae o señor Rodríguez Amenedo, 22:34 horas).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Español Otero di que se pechou polas festas e porque xa estaba averiada, se mandou un motor a reparar e se está construíndo un filtro, porque se obstrúe coas árbores que hai. Eles son os primeiros disgustados, queren que funcione, calculan que nunha semana ou dez días estará aberta.

Pregunta o señor Lomba Alonso quén paga as reparacións, contestando o señor Español Otero que se se queima un motor ou un filtro, se fará cargo o Concello, se rematou o prazo de garantía.

(Regresa o señor Rodríguez Amenedo, 22:35 horas).

O señor Lomba Alonso pregunta se de esa avería se fai cargo o Concello, respondendo o señor Español Otero que a construción desa fonte sen arboleda sería perfecta, pero os dátilas das árbores a obstruiren, non é unha mala planificación da obra. As reparacións non teñen tanta importancia, son moi sinxelas.

O señor Lomba Alonso di que se trata de pagos que vai fecer o Concello, as árbores se colocaron alí, e os técnicos deberon saber do tema.

O señor Español Otero di que o filtro o están facendo funcionarios municipais, e o motor custa 60 euros.

### **Rogos e preguntas do PP:**

A señora Iglesias Ferreira di que fará uns rogos e presentará por escrito o resto:

1.- Roga que se arranxe unha farola co soporte roto e sen protección na rúa Manuel Álvarez número 2.

2.- En relación coas baixadas ó mar artificiais no Paseo Marítimo que fixeron algunhas persoas, pide que se estudie darlle asentamento, pois chega o inverno e se moven.

O señor Español Otero di que coa construción da Senda esas baixadas se deterioraron, algunhas fom restauradas por funcionarios municipais e non hai inconveniente en asentalas.

3.- Pregunta qué se vai facer na rúa Vicente Sobrino polo Alcalde e o Concelleiro de Tráfico, pois se trouxo a Pleno hai dous anos, e dixeron que se ía reorganizar, se trata dunha zona de moito tránsito, e pola que pasan nenos.

O señor Rodríguez González di que en breve se vai actuar.

O señor Español Otero di que se actuará en breve, e pide a opinión do PP respecto desa rúa, se queren que sexa peonil ou non. Todo é opinable, comparten que a zona é conflictiva.

A señora Iglesias Ferreira di que deben sentarse todos os grupos e incluílo no Plan de tráfico.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vintedúas horas e cincuenta e cinco minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre

## **ANEXO: CONTESTACIÓN ÁS PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO POLO PARTIDO POPULAR.**

Foron presentadas os seguintes rogos e preguntas:

Ante el acuerdo en pleno del pasado viernes 30 de septiembre de 2011, se procede a presentar las preguntas y ruegos correspondientes al pleno, del Grupo Municipal de PP de A Guarda.

### **Ruegos y Preguntas:**

EL GRUPO MUNICIPAL DEL PP DE A GUARDA RUEGA SE LE FACILITE UN LISTADO CON LOS NÚMEROS DE TELÉFONOS MUNICIPALES DE LOS CONCEJALES DEL GRUPO DE GOBIERNO QUE CUENTAN CON TELÉFONO MÓVIL.

EL GRUPO MUNICIPAL DEL PP DE A GUARDA RUEGA SE VALORE LA PRIORIZACIÓN DEL ARREGLO DE LAS CALLES LUGO Y OIA.

EL GRUPO MUNICIPAL DEL PP DE A GUARDA PREGUNTA SOBRE LA SITUACIÓN EN LA QUE SE ENCUENTRA LA ALAMEDA DE A GUARDA DESPUÉS DE LA GRAN INVERSIÓN REALIZADA. ¿POR QUÉ NO SE LLEVA A CABO UN MANTENIMIENTO EN CONDICIONES DEL LUGAR?. EL ALUMBRADO ESTÁ EN PÉSIMAS CONDICIONES, FALTAN NUMEROSOS PUNTOS DE LUZ, HAY LÁMPARAS ROTAS Y BOMBILLAS FUNDIDAS, LOS COLUMPIOS NECESITAN DE UNA REVISIÓN Y AJUSTE DE TORNILLOS, LOS JARDINES ESTÁN EN PÉSIMO ESTADO Y LA FUENTE YA NO EXISTE. ¿QUE TIENE PENSADO HACER EL EQUIPO DE GOBIERNO CON ESTA INFRAESTRUCTURA QUE HA COSTADO MAS DE 600.000€?

EL GRUPO MUNICIPAL DEL PP DE A GUARDA PREGUNTA SI DESDE EL EQUIPO DE GOBIERNO SE DA UN TRATO IGUALITARIO Y SE PRESTAN Y OFRECEN LOS MISMOS SERVICIOS A TODAS LAS COMISIONES DE FIESTAS QUE LOS SOLICITAN.

EL GRUPO MUNICIPAL DEL PP DE A GUARDA PREGUNTA AL EQUIPO DE GOBIERNO SI ESTÁ TOTALMENTE REALIZADO, EN BASE A LA EXPROPIACIÓN, EL MURO DE LA "CASA DE LA FIGUEIRA".

EL GRUPO MUNICIPAL DE PP DE A GUARDA RUEGA AL EQUIPO DE GOBIERNO TENGA EN CUENTA LAS DEMANDAS DE LOS VECINOS USUARIOS DE LOS BAÑOS



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PÚBLICOS DE LAS PLAYAS, PARA QUE EN LA PRÓXIMA TEMPORADA REALICE UNA PREVISIÓN PARA QUE SE MANTENGAN ABIERTOS DURANTE EL MES DE SEPTIEMBRE SI SE DA LA SITUACIÓN DE ESTE AÑO EN EL QUE EL VERANO SE ALARGÓ HASTA EL MES DE OCTUBRE Y LOS VECINOS SIGUEN ACUDIENDO A LAS PLAYAS.

EL GRUPO MUNICIPAL DEL PP DE AGUARDA PREGUNTA EN QUE SITUACIÓN ESTÁ EL PXOM. ¿YA SE LLEVÓ A CABO LA RECTIFICACIÓN SOLICITADA POR LA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE? ¿YA HA SIDO INFORMADO CORRECTAMENTE? ¿CUANDO ESTÁ PREVISTO SE LLEVE A APROBACIÓN INICIAL?

### **RESPOSTAS ÓS RUEGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PP (Pleno setembro 2011).**

1.- Os membros do equipo de goberno que posúen móbiles municipais son: José Manuel Dguez. Freitas, Miguel Español, Montserrat Magallanes, Paulino Rodríguez, Teresa Vicente Baz, Antonio Lomba e Javier Crespo.

2.- Sempre foi para o grupo de goberno unha prioridade o arranxo de tódalas rúas que o precisen. Certamente, as rúas Lugo e Oia precisan obras de acondicionamento que se realizarán cando sexa posible. Como Vdes saberán, porque foi publicado en prensa, na actualidade estanse a redactar os proxectos.

3.- Non compartimos en absoluto o retrato que fan Vdes. da Alameda Municipal. Como en tódalas rúas, parques, etc prodúcense desperfectos que son corrixidos; a Alameda está en bo estado. Pasou de ser un lugar ó que ía moi pouca xente a ser un lugar moi concurrido. Debe ser que agora reúne as condicións que demanda a xente para pasar un rato agradable nela. Esta demanda fai que pensemos na posibilidade de aumentar o parque infantil porque o actual é insuficiente. Lembrarlles que nos primeiros días de agosto cambiáronse os entramados de cordas do parque, revisáronse tódolos elementos e renovouse o caucho nas zonas deterioradas. En canto as luces, dicirlles que xa foron repostas hai máis dun mes e se seguirán a repor na medida que non funcionen.

4.- A tódalas Comisións se lle da un trato igualitario e se lle prestan tódolos servizos dos que o Concello é capaz.

5.- Na zona da Casa da Figueira o único pendente de realizar é o pavimentado da beirarrúa e 1 metro, aproximadamente, de muro de pedra.

6.- Durante o mes de setembro os baños de praias estiveron abertos. Poderían incluso estar abertos máis tempo pero para iso teríamos que pagar algunhas horas extraordinarias, extremo que Vdes. non comparten.

7.- Non sei a que rectificación do PXOM solicitada pola Consellería se refiren. O único que fixo a Secretaría de Urbanismo foi informar, como é preceptivo, o PXOM remitido polo Concello. Non sei a que se refire a pregunta de se xa foi informado correctamente, porque a Consellería xa non se vai pronunciar máis ata a aprobación definitiva. Levarase a aprobación inicial en canto sexa posible.